

**PLAN
DE
ACCIÓN
2013**

Federación autismogalicia



Federación Autismo Galicia
Rúa Home Santo de Bonaval, nº 74

Rúa Rodríguez de Viguri, nº 35
15703 Santiago de Compostela.

T. 981 589 365 F. 981 589 344
info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org

A Federación Autismo Galicia (FAG), fundada no ano 1995, é unha entidade privada sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública dende o ano 2003, e inscrita no rexistro central de Asociacións da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Desde os seus inicios presta servizos profesionais tanto ás entidades federadas como a todas as persoas: familias e outros colectivos, vinculados por diversos motivos aos Trastornos do Espectro do Autismo, (TEA) tratando de " manter e consolidar a rede de servizos da Federación Autismo Galicia atendendo ás necesidades reais das persoas con TEA".

A entidade centra a súa actividade na elaboración e execución de proxectos entre os que destacan os orientados, principalmente, a :

- Representar ao colectivo de persoas con TEA, familias e profesionais en foros, medios e ante entidades que xestan as políticas sociais.
- Garantir a presenza do colectivo dentro das entidades máis representativas do sector social.
- Promover programas de atención directa a persoas con TEA e familias: ocio, respiro familiar, inclusión social.
- Promover programas de divulgación e sensibilización sobre a especificidade dos TEA e as súas necesidades para desenvolver estratexias de comunicación para o coñecemento social dos mesmos.
- Promover liñas de traballo comúns a todas as entidades e asociacións federadas.
- Ser un referente para a formación e orientación a profesionais de distintos sectores sobre a intervención con persoas con TEA.

Obxecto social da entidade: Misión, Visión, Valores, Principios, Fins e Actividades.

A misión da Federación Autismo Galicia é mellorar a calidade de vida das persoas con TEA e das súas familias. Os/as destinatarios/as dos servizos da Federación Autismo Galicia son as entidades galegas que desenvolven o seu labor coas persoas con trastornos do espectro do autismo e coas súas familias, e que son membro da federación.

A Federación, constitúe un referente técnico que contribúe ao deseño de políticas de inclusión social e é un referente informativo que contribúe a visualizar a realidade das Persoas con TEA e das súas Familias.

Promovemos o consenso nos obxectivos e liñas de actuación entre as entidades que traballan no ámbito do Autismo en Galicia, as que prestamos servizos complementarios

cun estilo que fomenta a participación, a transparencia, a solidariedade e o exercicio democrático.

Autismo Galicia, basea a súa actuación nos *principios* de transparencia informativa, participación, solidariedade, igualdade e de democracia interna.

Os *valores* que defende son:

- Consideración da Persoa con TEA como suxeito con dereitos e deberes en igualdade de condicións ao resto das persoas.
- Calidade total nas entidades e servizos.
- Importancia da Familia en todos os programas orientados á intervención coas Persoas con TEA.
- Necesidade de colaboración entre profesionais e familias para un funcionamento eficiente e de calidade das entidades.

A Federación persegue os seguintes *fins*:

- a) Servir de nexo de unión entres as distintas Entidades e Organizacións membros.
- b) Defender a dignidade e os dereitos civís, políticos, económicos, culturais, sociais, laborais, etc. das Persoas con Trastornos do Espectro do Autismo, en igualdade de oportunidades.
- c) Promover a integración social, laboral e a normalización das persoas con Trastornos do Espectro do Autismo, fomentando actitudes sociais positivas cara ao colectivo en Galicia.
- d) Desenvolver todo tipo de accións encamiñadas a mellorar a calidade de vida das persoas con Trastornos do Espectro do autismo e das súas familias.
- e) Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo con criterios de solidariedade, promovendo unha imaxe común da Federación.
- f) Promover a formación e a investigación sobre os Trastornos do Espectro do Autismo.


A Federación para o cumprimento dos seus *fins*, realizará as seguintes actividades:

- a) Coordinar e realizar cantas accións e iniciativas sexan precisas para a obtención de recursos a nivel local, comarcal, de Galicia, do Estado Español, da Unión Europea e doutros organismos públicos e privados, así como de Federacións Estatais ou Internacionais que redunden en beneficio das entidades membro e no cumprimento dos fins da Federación.

- b) Ser portavoz das entidades membro.
- c) Crear as condicións para que as Entidades membro poidan desenvolver servizos e programas que melloren a calidade de vida das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo e das súas Familias.
- d) Todas aquelas que contribúan á consecución dos fins da Federación, tales como:
 - Promover e realizar iniciativas relacionadas coa investigación dos Trastornos do Espectro do Autismo.
 - Promover e realizar actividades de carácter pedagóxico e de formación, como cursos, xornadas, seminarios, congresos, etc. relacionados cos fins da Federación.
 - Realizar labores de asesoramento ás persoas con Trastorno do Espectro do Autismo, ás Familias, aos/as Profesionais, ás Entidades Membro e/ou a calquera outro interesado.
 - Promover e realizar accións relacionadas con actividades lúdicas, de ocio, de tempo libre, e de respiro para as persoas con Trastorno do Espectro do Autismo, para as súas Familias e para toda persoa ou Entidade Membro da Federación.
 - Promover e realizar actividades de sensibilización e de información relacionadas cos fins da Federación.
 - Promover e realizar calquera outro tipo de acción ou de actividade de cara a consecución dos fins da Federación Autismo Galicia.

Plan de acción 2013

Organigrama operativo da Federación Autismo Galicia





Dirección

A dirección da Federación Autismo Galicia promove a representación das familias de persoas con trastornos do espectro do autismo (TEA), a través das entidades e asociacións federadas, traballando polo cumprimento e desenvolvemento da misión, visión e valores propios e de todas elas.

Como entidade de ámbito autonómico, Autismo Galicia, traballa para dar visibilidade ao colectivo de persoas con autismo, familias e profesionais ante a Administración Autonómica e, en colaboración con eles e coas entidades e asociacións federadas, participa activamente no desenvolvemento das políticas autonómicas de atención ás persoas con discapacidade como interlocutora necesaria na defensa dos seus dereitos.

Autismo Galicia, traballa en rede coas entidades representativas do sector da discapacidade, procurando neste sentido establecer, dentro do respecto á especificidade e necesidades de cada unha, políticas de traballo conxuntas que permitan a maior consecución de logros e representación fomentando a converxencia asociativa que require compartir, fins, valores e proxectos.

Liñas de acción:

- 1.- Promover a converxencia asociativa.
- 2.- Sensibilización Social.
- 3.- Representatividade e peso político.
- 4.- Promover modelos de calidade.
- 5.- Incorporar e promover o uso das novas tecnoloxías.

Obxectivos:

- 1.- Promover a converxencia asociativa.

Mediante o establecemento de novos modelos de cooperación na atención ás persoas con TEA e ás súas familias, a colaboración na prestación de servizos, maior eficacia e eficiencia e establecemento de proxectos comúns.

2.- Sensibilización Social.

Representación do colectivo e defensa das súas necesidades específicas en foros e plataformas autonómicas.

Defensa ante as Administracións Públicas, mediante a concienciación e información, do mantemento de servizos e recoñecemento de necesidades de atención específica e especializada.

Defensa dos dereitos das persoas con TEA e ás súas familias.

3. Representatividade e peso político.

Representación do colectivo ante a Administración Pública: Consellería de Traballo e Benestar, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Consellería de Sanidade, Parlamento de Galicia, partidos e organizacións políticas.

Representación nas plataformas do sector: Cermi Galicia, EAPN-Galicia, Confederación Autismo España, Asociación Autismo Europa.

4.-Promover modelos de calidade.

Asegurar a calidade e mellora continua das actuacións da Federación Autismo Galicia.

5.- Incorporar e promover o uso das novas tecnoloxías.

Integrar as novas tecnoloxías no funcionamento diario da Federación Autismo Galicia para establecer unha rede de comunicación e mellorar a eficiencia no traballo.

Actividades:

1.- Promover a converxencia asociativa.

- Deseño e implementación dun novo modelo asociativo baseado na converxencia de asociación para compartir servizos e buscar economías de escala.
- Elaborar e manter un posicionamento común e consensuado coas entidades asociadas.

2.- Sensibilización Social.

- Participación e organización en foros, congresos, grupos de traballo e demais eventos que fagan visible ao colectivo.

3. Representatividade e peso político.

- Reforzar os vínculos coa Confederación Autismo España para facer visibles as asociacións galegas ante o goberno central e ante as entidades nacionais do terceiro sector.
- Participación e promoción de reunións de traballo cos distintos representantes políticos, financiadores, empresas e demais grupos de interese.
- Participación nos grupos de traballo e comisións das plataformas ás que pertence Autismo Galicia, así como aquelas que se convoquen para a representación do sector.
 - Comisión de Educación do CERMI Galicia
 - Comisión de Ocio e tempo libre do CERMI Galicia.
 - Comisión de Atención Temperá do CERMI Galicia.
 - Comisión de Formación e Emprego do CERMI Galicia.
 - Comisión de Recursos no ámbito de Servizos Sociais.
 - Comisión de Reforma de estatutos do CERMI Galicia.
 - Comisión de Comunicación da Confederación Autismo España.
 - Grupos de Traballo de EAPN Galicia.
 - Participación na revisión lexislativa proposta pola Administración en colaboración cos profesionais das entidades e asociacións.
 - Participación nos grupos de defensa dos servizos prestados polas entidades e asociacións da Federación.

4.-Promover modelos de calidade.

- Orientación das actuacións da Federación conforme a procesos baseados na xestión de calidade en todas ás áreas operativas da entidade.
- Establecer sistemas de avaliación de satisfacción dos usuarios e atender ás súas opinións e peticións cando sexa posible.
- Incorporación de boas prácticas empresariais.

5.- Incorporar e promover o uso das novas tecnoloxías.

- Ofertar información e servizos a través das TIC.
- Informar das posibilidades e animar ás persoas que están en contacto coa Federación a facer uso dos recursos que ofertan as novas tecnoloxías.
- Integrar as novas tecnoloxías e novas canles de comunicación dentro das campañas de difusión e sensibilización



Área de Apoio ao Colectivo

A Área de Apoio ao Colectivo traballa directamente para e con as persoas con TEA e ás súas familias, a través de programas específicos e especializados baseados nas súas demandas e estudo de necesidades.

A través dos programas ofertados se busca mellorar a calidade de vida do núcleo familiar mediante a oferta de servizos que permitan o desenvolvemento de dereitos básicos como o ocio ou tempo de descanso, para a persoa con TEA e a familia, así como o asesoramento, orientación, derivación, a formación especializada e promoción de espazos para a posta en común e o autoapoio.

A Área de Apoio tamén traballa coas persoas que se interesan por participar activamente na prestación de servizos ao colectivo: voluntariado, coas persoas que se interesan por coñecer máis amplamente ao colectivo: docentes, coas persoas que en definitiva buscan achegar algo e colaborar co seu interese na mellora de vida das persoas con TEA.

Liñas de acción:

- 1.- Programa de ocio.
- 2.- Programa de respiro familiar.
- 3.- Programa de apoio a familias.
- 4.- Programa de atención e orientación.
- 5.- Programa de voluntariado.

Obxectivos:

- 1.- Programa de ocio.

Manter un programa de ocio adaptado que proporcione á persoa con TEA experiencias e actividades coas que poida encher o seu tempo libre, satisfacer gustos, intereses, inquietudes, a través de actividades que fomenten a participación comunitaria, a inclusión e cohesión social.

2.- Programa de respiro familiar.

Manter un programa de respiro familiar que permita, ao tempo que as persoas con autismo desenvolven fora do entorno familiar actividades lúdicas e de lecer, proporcionar á familia un tempo "liberado" que pode usar noutras necesidades.

3.- Programa de apoio a familias.

Proporcionar espazos e momentos de reunión que fomenten o autoapoio e posta en común de intereses ou necesidades.

4.- Programa de atención e orientación.

Proporcionar atención, formación e información especializada e actualizada tanto a familias como profesionais ou interesados sobre os servizos ou intervención coas persoas con TEA.

5.- Programa de voluntariado.

Fomentar a participación das persoas voluntarias co colectivo de persoas con TEA e as súas familias, facilitando o traballo mediante a formación, orientación e apoio.

Captar voluntarios para o desenvolvemento e apoio ás accións de sensibilización e divulgación.

Actividades:

1.- Programa de ocio.

- Campamentos de Verán.

2.- Programa de respiro familiar.

- Respiros de fin de semana.
- Respiros "curta estancia".

3.- Programa de apoio a familias.

- Talleres temáticos para familias.

4.- Programa de atención e orientación.

- Servizo de atención e apoio a familias, así como a oportuna derivación aos servizos correspondente.
- Realización de accións formativas cos sectores educativo, sanitario e de servizos sociais en coordinación cos profesionais que traballen no autismo.
- Apreciación e consideración das necesidades específicas das persoas con TEA en relación con outras discapacidades.

5.- Programa de voluntariado.

- Formación especializada nos TEA.
- Asesoramento e acompañamento.
- Voluntariado dixital.



Área de emprego e formación

A Área de Emprego e Formación traballa para o desenvolvemento de programas que fomenten a visión positiva da persoa con TEA como suxeito activo da sociedade portador de plenos dereitos entre eles o acceso ao mundo laboral, e, a través deles, potenciar a inclusión en contornas que permitan o desenvolvemento persoal satisfactorio e pleno da persoa con autismo, aumentando a súa calidade de vida.

Este área traballa tamén pola formación continua das persoas, sen distinción algunha, en temas especializados: autismo, voluntariado, ocio, xestión, e outros que permitan ás persoas participantes nos programas formativos adquirir habilidades básicas ou especializadas para un mellor rendemento laboral e persoal.

Liñas de acción:

- 1.- Programa de promoción, sensibilización e integración socio laboral.
- 2.- Programa de información, orientación e busca de emprego.
- 3.- Programa de formación externa especializada.
- 4.- Programa de formación interna especializada.

Obxectivos:

1.- Programa de promoción, sensibilización e integración socio laboral

Mellorar as posibilidades de inserción sociolaboral das persoas con TEA.

2.- Programa de información, orientación e busca de emprego

Ofrecer información, asesoramento e orientación laboral ás persoas con TEA e outras discapacidades intelectuais que demandan formación e emprego.

3.- Programa de formación externa especializada.

Ofertar actividades formativas ás persoas interesadas en formarse no ámbito dos TEA.

Ofertar accións formativas específicas para profesionais dos campos educativo, sanitario e de servizos sociais.

4.- Programa de formación interna especializada.

Dar resposta ás necesidades formativas do persoal técnico da Federación Autismo Galicia, das entidades asociadas e das familias de persoas con TEA.

Actividades:

1.- Programa de promoción, sensibilización e integración socio laboral

- Establecer redes de colaboración con centros ocupacionais e con centros especiais de emprego coa finalidade de formar e mellorar as posibilidades de integración laboral das persoas con TEA.
- Prospección de empresas e Información sobre os incentivos e bonificacións que conleva a contratación de persoas con discapacidade.
- Información ás empresas sobre as distintas posibilidades de inserción laboral das Persoas con TEA.
- Formación teórica: información da empresa colaboradora, formación en habilidades prelaborais e información sobre o posto de traballo a desempeñar.
- Formación práctica: no propio posto de traballo.
- Acompañamento e seguimento antes e despois da inserción laboral ou das prácticas formativas.

2.- Programa de información, orientación e busca de emprego

- Accións de información e sensibilización social do programa de información, orientación e busca de emprego dirixido ás entidades asociadas á Federación e á comunidade (entidades prestadoras de servizos sociais, centros educativos e concellos).
- Entrevistas personalizadas de orientación laboral para persoas con TEA e outras discapacidades intelectuais.
- Elaboración de itinerarios individuais e personalizados de emprego para persoas con TEA e outras discapacidades intelectuais para a mellora da súa cualificación profesional e da súa empregabilidade.
- Información e orientación ás persoas con TEA e outras discapacidades intelectuais sobre o proceso de recoñecemento das competencias adquiridas pola experiencia laboral mediante a acreditación oficial da súa cualificación a través de certificados de profesionalidade.
- A información e o asesoramento ás persoas con TEA e outras discapacidades intelectuais sobre a oferta de accións de formación profesional para o emprego.
- Impartición de sesións grupais de orientación laboral ás persoas con TEA e outras discapacidades intelectuais.

3.- Programa de formación externa especializada.

- Curso de Monitor en Ocio e Tempo Libre para Persoas con TEA.
- Curso de Voluntariado especializado en Persoas con TEA.
- Curso AFD Preparador Laboral especialista nos TEA e outras Discapacidades.
- Cursos para profesionais do sector educativo, sanitario e social.

4.- Programa de formación interna especializada.

- Cursos para profesionais das entidades membro.
- Formación do persoal da FAG.
- Formación do colectivo: familias.



Área de Programas e Proxectos

A Área de Programas e Proxectos se encarga da planificación, estudo e elaboración de proxectos así como a execución técnica e desenvolvementos dos mesmos.

Nun proceso de mellora este área basea a súa acción no estudo previo de necesidades tanto propias da entidade como do colectivo ao que van dirixidas as diversas actuacións da Federación Autismo Galicia, sendo realistas co contexto socioeconómico e coas realidades a abordar.

Liñas de acción:

- 1.- Dotar á Federación dos recursos necesarios para o mantemento da entidade.
- 2.- Diseñar programas de intervención e dotar os seus proxectos

Obxectivos:

- 1.- Dotar á Federación dos recursos necesarios para o mantemento da entidade.

Garantir a permanencia e estabilidade da entidade a través da dotación económica necesaria para o seu mantemento.

- 2.- Diseñar programas de intervención e dotar os seus proxectos

Garantir e desenvolver accións baseadas nas necesidades do colectivo.

Estudar novas alternativas de traballo e intervención para afrontar os retos de futuros.

Actividades:

- 1.- Dotar á Federación dos recursos necesarios para o mantemento da entidade.
 - Convenio de mantemento da Federación Autismo Galicia.

- Novas vías de financiamento a través do sector privado.

2.- Diseñar programas de intervención e dotar os seus proxectos

- Dotación e desenvolvemento do programa formativo da Federación:
 - ⇒ Formación para profesionais da Federación e entidades asociadas.
 - ⇒ Formación para familias das entidades e asociacións.
 - ⇒ Formación externa especializada en TEA.
 - ⇒ Formación externa: AFD.
- Dotación e desenvolvemento do programa de sensibilización e divulgación da Federación.
 - ⇒ Campaña de accesibilidade en espazos públicos.
 - ⇒ Campañas transversais coa Confederación Autismo España.
- Dotación e desenvolvemento do programa de emprego da Federación.
 - ⇒ Axentes de emprego.
 - ⇒ Servizo Galego de Orientación, Información e busca de emprego.
- Dotación e desenvolvemento do Programa de Ocio e Respiro familiar.
 - ⇒ Respiros de fin de semana.
 - ⇒ Respiros corta estancia.
 - ⇒ Campamentos.
- Estudo e posible desenvolvemento de proxectos que abran liñas de traballo novas baseados no estudo de necesidades futuras.



Área de Administración e Xestión

A Área de Administración e Xestión da Federación Autismo Galicia se encarga da xestión económico, financeira, documental e normativa da entidade cun compromiso de calidade, transparencia e eficacia da mesma.

Liñas de acción:

- 1.- Manter a estrutura administrativa, contable e de xestión estandarizada..
- 2.- Actualizar a normativa interna da entidade.
- 3.- Adaptar a normativa laboral da entidade.

Obxectivos:

- 1.- Manter a estrutura administrativa, contable e de xestión estandarizada.

Proporcionar e obter, en calquera momento información de feitos económicos, financeiros e sociais de xeito continuo, ordenado e sistemático e proporcionar unha imaxe clara da situación financeira da entidade.

Participar na toma de decisións estratéxicas, tácticas e operacionais e axudar a coordinar os efectos na organización.

Manter as relacións cos financiadores e provedores que permitan unha xestión eficaz dos recursos.

- 2.- Actualizar a normativa interna da entidade.

Proporcionar un marco de actuación regulamentario adaptado ás necesidades de converxencia asociativa que melloren e faciliten a participación das entidades e asociacións no seo da Federación.

3.- Adaptar a normativa laboral da entidade.

Proporcionar un marco organizativo que desenvolva o legalmente establecido no convenio de aplicación como un proceso de mellora nas relacións laborais entre a Federación e os seus traballadores.

Actividades:

1.- Manter a estrutura administrativa, contable e de xestión estandarizada..

Adaptación e xustificación de programas en coordinación coa entidade financiadora.

Desenvolvemento da contabilidade xeral e analítica por programas.

Control e seguimento de servizos e provedores.

2.- Actualizar a normativa interna da entidade.

Desenvolvemento e actualización do regulamento de réxime interno da Federación

3.- Adaptar a normativa laboral da entidade.

Desenvolvemento e adaptación da normativa de organización do traballo conforme ao XIV Convenio colectivos xeral de centros e servizos de atención a persoas con discapacidade.



Área de Comunicación e Organización

Esta área encárgase de xestionar a imaxe da Federación cara ao exterior, difundir a información relativa á entidade e ás súas actividades, desenvolver accións de sensibilización sobre o colectivo e organizar eventos. A nivel interno, xestiona a comunicación entre a Federación e as asociacións membro para favorecer a circulación de información de interese que favoreza ás entidades.

Desenvolve o seu labor a través da páxina web corporativa, as redes sociais, as comunicacións internas e as relacións cos medios de comunicación.

Liñas de acción:

1. Fomentar a comunicación interna entre as organizacións da Federación
2. Establecer un maior contacto coas familias
3. Reforzar a relación da Federación cos medios de comunicación.
4. Sensibilizar e informar á sociedade.

Obxectivos:

- 1.- Fomentar a comunicación interna entre as organizacións da Federación

Reforzar as canles de comunicación xa existentes e lograr unha comunicación frecuente, fluída e bidireccional entre a Federación e as asociacións que permita a unificación de mensaxes.

- 2.- Establecer un maior contacto coas familias .

Dar a coñecer os servizos da Federación e a súa relación coas asociacións co gallo de favorecer a visibilidade do traballo por e para o colectivo, entre as familias asociadas.

- 3.- Reforzar a relación da Federación cos medios de comunicación.

Favorecer e lograr aparicións positivas nos medios de comunicación ben sexa para visibilidade do colectivo ou como información das actividades da Federación ou das asociacións.

Promover nos xornalistas o trato digno ao colectivo e o uso axeitado e positivo do termo autismo, evitando prexuízos e informacións sensacionalistas ou morbosas.

Converterse nun punto de referencia para os medios galegos que queiran información sobre o autismo.

4. Sensibilizar e informar á sociedade.

Desenvolver campañas de información e sensibilización que fomenten a visión social e positiva das persoas con TEA e ás súas familias.

Promover información e servizos a través de internet co portal web www.autismogalicia.org e a presenza en redes sociais.

Promover a información fiable e baseada na evidencia.

Actividades:

1.- Fomentar a comunicación interna entre as organizacións da Federación.

- Flash: información ás entidades e familias que o desexen sobre accións e actividades da Federación.
- Distribución de información relevante proveniente doutras asociacións.

2.- Lograr unha comunicación frecuente, fluída e bidireccional entre a Federación e as asociacións.

- Implicación das entidades nas actividades comunicativas da Federación cando sexa posible.
- Apoio na comunicación de servizos e actividades das asociacións.
- Divulgación das boas prácticas das asociacións.

3.- Establecer un maior contacto coas familias.

- Realizar e distribuír unha revista revista-resumo das actividades do ano anterior ás familias asociadas.
- Distribuír os flash de información ás familias que o soliciten.
- Fomentar a imaxe da Federación como un organismo aberto e dispoñible dando resposta ás preguntas das familias, asociadas ou non, que contactan coa Federación.
- Publicitar os servizos da Federación, especialmente os relacionados co emprego, para que as familias poidan facer uso deles.

3. Reforzar a relación da Federación cos medios de comunicación.

- Establecer un calendario de comunicacións aos medios en función de datas sinaladas para o colectivo, actividades desenvolvidas pola Federación e campañas de entidades superiores.
- Dar resposta ás peticións e propostas dos xornalistas.
- Achegar, xunto coa información específica para cada caso, información xenérica da Federación e liñas orientativas sobre o correcto tratamento do autismo co obxectivo de evitar erros e malas prácticas.
- Dar resposta ás necesidades dos medios de comunicación con información fiable e exacta ao mesmo tempo que comprensible.

4. Sensibilizar e informar á sociedade.

- Campañas para datas sinaladas.
- Campañas en coordinación con entidades de maior tamaño.
- Desenvolver unha campaña de sensibilización e accesibilidade para persoas con TEA en espazos públicos de concellos galegos.
- Actualización regular dos contidos da páxina web corporativa e apertura dunha nova sección de enlaces a blogs de interese.
- Actualización regular da páxina de Facebook da Federación con contidos variados e de interese para os distintos públicos, establecendo lazos con outras organizacións e coa comunidade de "fans".
- Publicacións temáticas e especializadas.
- Divulgar información prudente e fiable que axude a erradicar os mitos asociados ao autismo.
- Dar a coñecer os resultados de estudos baseados en evidencias científicas.

Orzamentos 2013

1. Ingresos da entidade por actividade propia		292.825,68 €
Cotas asociados e afiliados (720)	3.120,00 €	3.120,00 €
Achegas de usuarios (721)		12.464,47 €
Cotas programa de respiro e ocio	7.440,00 €	
Cotas participantes formación	1.750,00 €	
Cotas servizos inserción laboral	3.274,47 €	
Ingresos colaboraciónes (723)		4.500,00 €
Fundación ONCE	4.500,00 €	
Subvencións oficiais afectas á act. Propia (740)		252.435,37 €
Ministerio de Sanidad, Servi. Soci. e igualdad	7.600,00 €	
Consellería de Traballo e Benestar (SXPS)	103.634,00 €	
Consellería de Traballo e Benestar (DXFC)	41.865,89 €	
Consellería de Traballo e Benestar (DXFC)	10.229,40 €	
Consellería de Traballo e Benestar (DXPE)	53.219,04 €	
Consellería de Traballo e Benestar (DXPE)	11.237,04 €	
Consellería de Sanidade	12.150,00 €	
Consellería de Traballo (DXV)	1.000,00 €	
Concello de Santiago de Compostela	1.500,00 €	
Deputación da Coruña	10.000,00 €	
Doazóns e legados (740)		3.000,00 €
Doazóns e legados	3.000,00 €	
2. Axudas monetarias e outros		11.463,09 €
Axudas monetarias individuais (650)		
Axudas alumnado formación	6.963,09 €	
Compensación de Gastos por Colaboración (653)		
Compensación de Gastos a Voluntarios	1.500,00 €	
Reembolso de Gastos a Órganos de Goberno (654)		
Reembolso de Gastos de Xunta Directiva	3.000,00 €	
3. Ingresos por ventas e actividades mercantís		1.400,00 €
Facturación (700)	1.400,00 €	

4. Aprovisionamentos		17.430,51 €
Aprovisionamentos (600)		7.188,89 €
Materiais Respiro familiar e ocio	1.070,00 €	
Material cursos formación	4.348,89 €	
Alimentación	1.770,00 €	
Compras de outros Aprovisionamentos (602)		3.667,00 €
Otros aprovisionamientos	678,00 €	
Material oficina	2.489,00 €	
Libros, prensa	500,00 €	
Traballos realizados por outras empresas (607)		6.574,62 €
Formación	5.366,55 €	
Servizos Soc. entidades	1.208,07 €	
5. Gastos de persoal		155.727,88 €
Soldos e Salarios (640)		
Salarios Persoal	117.632,99 €	
Seguridade Social (642)		
S. Social Persoal	37.019,89 €	
Outros gastos sociais (649)		
Prevención de Riscos Laborais	675,00 €	
Formación personal.	400,00 €	
6. Outros gastos da actividade		87.545,31 €
Arrendamentos e canons (621)		7.511,79 €
Aluguer de Vehiculos	5.386,49 €	
Arrendamentos	2.125,30 €	
Reparacións e conservación (622)		20.425,00 €
Reparacións e conservación	2.400,00 €	
Gasto de Limpeza	5.750,00 €	
Mantemento de informático	6.600,00 €	
Mantemento fotocopiadora	5.675,00 €	
Servizos de profesionais independentes (623)		9.617,11 €
Docentes	5.828,11 €	
Outros servizos profesionais	3.789,00 €	
Transporte (624)		220,00 €
Transporte actividades	220,00 €	
Seguros (625)		2.800,00 €
Seguros para as inversións e as actividades.	2.800,00 €	
Servizos bancarios e similares (626)		485,00 €
Gastos xestión de recibos, comisións.	485,00 €	
Publicación (627)		2.565,00 €
Publicidade, propaganda e relacións públicas	2.565,00 €	
Suministros (628)		10.746,20 €

Combustible	1.346,20 €	
Electricidade	2.950,00 €	
Augua	450,00 €	
Teléfonos.	6.000,00 €	
Outros servizos (629)		33.140,21 €
Outros Servizos	4,99 €	
Peaxes	578,20 €	
Gasto de Correos e Mensaxería	1.135,20 €	
Restaurantes e viaxes	576,00 €	
Albergues	15.227,20 €	
Gastos de comunidade	2.569,00 €	
Gastos fotocopias	189,00 €	
Impresión revistas	3.478,00 €	
Asesorías e Xestorías	4.000,00 €	
Consultoras	1.870,00 €	
Dietas e Gastos de Locomoción	1.500,00 €	
Cotas	2.012,62 €	
Tributos (631)		35,00 €
Tributos Locais e Taxas	35,00 €	
7. Amortización do Inmovilizado		16.863,89 €
Amortización do Inmovilizado Inmaterial (680)		0,00 €
Gasto das inversións do exercicio		
Amortización do Inmovilizado Material (681)		16.863,89 €
Gasto das inversións do exercicio		
8. Subvencións de capital traspasdos ó exercicio		15.905,84 €
Subvencións de capita traspasadas ó exercicio (745)		10.314,32 €
Doazóns e legados de capital traspasados ó exercicio (746)		5.591,52 €
A) EXCEDENTE ACTIVIDADE		3.795,00 €
9. Ingresos financeiros		5,00 €
Ingresos financeiros (769)		5,00 €
Intereses Contas Bancarias	5,00 €	
10. Gastos financeiros		3.800,00 €

Intereses con entidades de crédito (662)		3.600,00 €
Intereses de préstamos	3.600,00 €	
Outros Gastos Financieros (669)		200,00 €
Liquidación intereses contas bancarias	200,00 €	
B) EXCEDENTE OPERACIÓNS FINANCEIRAS		- 3.795,00 €
C) EXCEDENTE EJERCICIO		0,00 €